

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
EOC	Edificación e obra civil	CSEOC01	Proxectos de edificación	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0563	Representacións de construción	2023/2024	0	347	0
MP0563_23	Desenvolvemento de planos de construción	2023/2024	0	82	0
MP0563_33	Modelización do proxecto de construción	2023/2024	0	87	0
MP0563_13	Construción e sistemas de representación	2023/2024	0	178	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA SOLEDAD ÁLVAREZ GARCÍA, VALENTÍN PASTORIZA SOTELO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0563_33) RA1 - Realiza presentacións de proxectos de construción, co que obtén vistas e perspectivas, utilizando aplicacións informáticas e técnicas de fotocomposición.
(MP0563_13) RA1 - Representa elementos de construción mediante o debuxo de plantas, alzados, cortes e seccións, empregando utensilios de debuxo sobre taboleiro.
(MP0563_23) RA1 - Elabora documentación gráfica de proxectos de construción, para o que elabora planos mediante programas de deseño asistido por computador.
(MP0563_23) RA2 - Xestiona a documentación gráfica de proxectos de construción, reproducindo, organizando e arquivando os planos en soporte impreso e informático.
(MP0563_13) RA2 - Realiza representacións de construción mediante o debuxo a man alzada de esbozos de planos e detalles construtivos.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0563_33) CA1.1 Identifícanse as características e os elementos construtivos do proxecto de construción que cumpra representar.
(MP0563_13) CA1.1 Seleccionouse o sistema de representación axeitado para representar os elementos construtivos, en función da información que se desexe amosar.
(MP0563_13) CA1.2 Elixiuse a escala en función da dimensión dos elementos construtivos que se representen e do formato de debuxo utilizado.
(MP0563_23) CA1.3 Identifícanse os esbozos subministrados para a definición dos planos do proxecto de construción.
(MP0563_13) CA1.3 Elixiuse o formato e o soporte adecuados aos elementos construtivos, á escala seleccionada e á finalidade prevista no plano.
(MP0563_33) CA1.4 Utilizáronse as escalas e os sistemas de representación axeitados á finalidade da presentación.
(MP0563_13) CA1.4 Seleccionáronse os utensilios de debuxo en función da natureza do traballo previsto.
(MP0563_23) CA1.5 Seleccionouse a escala e o formato apropiados.
(MP0563_13) CA1.5 Realizáronse as vistas mínimas necesarias para representar os elementos construtivos.
(MP0563_23) CA1.6 Realizáronse os cálculos básicos de superficies e volumes que permitan o dimensionamento correcto dos elementos do plano.
(MP0563_13) CA1.6 Realizáronse os cortes e as seccións que cumpran.
(MP0563_23) CA1.7 Debuxáronse planos de planta, alzado, cortes, seccións e detalles de proxectos de construción, de acordo cos esbozos subministrados e consonte a normativa específica.
(MP0563_13) CA1.7 Comprobouse a coherencia entre as vistas e/ou entre as representacións dun mesmo elemento de construción.
(MP0563_33) CA1.7 Obtivéronse as vistas e as perspectivas máis representativas do proxecto de construción.
(MP0563_23) CA1.8 Comprobouse a adecuada correspondencia entre todas as vistas, as seccións e os cortes do proxecto.
(MP0563_13) CA1.8 Cotáronse os elementos representados con claridade e de acordo coas normas.
(MP0563_13) CA1.9 Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.
(MP0563_33) CA1.10 Traballouse con precisión, con calidade e no tempo previsto.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0563_13) CA1.10 Seleccionouse o tipo e o grosor de liña segundo a norma, a escala, o tamaño e a importancia relativa do representado.
(MP0563_13) CA1.11 Traballouse con orde e limpeza.
(MP0563_13) CA2.1 Valorouse a importancia dos esbozos no proceso de desenvolvemento de proxectos de construción, e identificouse o uso a que se destinen.
(MP0563_13) CA2.2 Seleccionáronse os elementos e os espazos que se vaian representar nos esbozos.
(MP0563_13) CA2.3 Identificáronse os elementos representados en relación coas súas características construtivas.
(MP0563_13) CA2.4 Seleccionáronse as vistas necesarias e os cortes suficientes para a identificación dos elementos representados.
(MP0563_23) CA2.5 Cortáronse e dobráronse correctamente os planos, co tamaño requirido.
(MP0563_13) CA2.5 Utilizouse un soporte e os materiais adecuados ao uso previsto.
(MP0563_13) CA2.6 Utilizouse a simboloxía normalizada.
(MP0563_13) CA2.7 Definíronse adecuadamente as proporcións dos elementos construtivos e/ou dos espazos representados.
(MP0563_13) CA2.8 Cotáronse os elementos representados con claridade e de acordo coas normas.
(MP0563_13) CA2.9 Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.
(MP0563_13) CA2.10 Definíronse os esbozos coa calidade gráfica suficiente para a súa comprensión.
(MP0563_13) CA2.11 Traballouse con pulcritude e limpeza.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0563_33) RA1 - Realiza presentacións de proxectos de construción, co que obtén vistas e perspectivas, utilizando aplicacións informáticas e técnicas de fotocomposición.
(MP0563_13) RA1 - Representa elementos de construción mediante o debuxo de plantas, alzados, cortes e seccións, empregando utensilios de debuxo sobre taboleiro.
(MP0563_23) RA1 - Elabora documentación gráfica de proxectos de construción, para o que elabora planos mediante programas de deseño asistido por computador.
(MP0563_23) RA2 - Xestiona a documentación gráfica de proxectos de construción, reproducindo, organizando e arquivando os planos en soporte impreso e informático.
(MP0563_33) RA2 - Elabora maquetas de estudo de proxectos de construción, aplicando técnicas básicas de maquetismo.
(MP0563_13) RA2 - Realiza representacións de construción mediante o debuxo a man alzada de esbozos de planos e detalles construtivos.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0563_23) CA1.1 Identificouse o proceso de traballo e a interface de usuario do programa de deseño asistido por computador.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0563_23) CA1.2 Identificouse o deseño con obxectos arquitectónicos e utilidades do programa de deseño asistido por computador.
(MP0563_33) CA1.2 Seleccionáronse as fotografías e os debuxos máis representativos para a presentación.
(MP0563_23) CA1.3 Identificáronse os esbozos subministrados para a definición dos planos do proxecto de construción.
(MP0563_33) CA1.3 Seleccionouse a información básica necesaria (os planos de planta, alzados, seccións e perfís) para a definición das perspectivas, e elaborouse o modelo 3D en correspondencia coa información básica.
(MP0563_23) CA1.4 Compuxéronse nos planos os debuxos, as lendas, a rotulación e a información complementaria.
(MP0563_33) CA1.4 Utilizáronse as escalas e os sistemas de representación axeitados á finalidade da presentación.
(MP0563_23) CA1.5 Seleccionouse a escala e o formato apropiados.
(MP0563_13) CA1.5 Realizáronse as vistas mínimas necesarias para representar os elementos construtivos.
(MP0563_33) CA1.5 Utilizáronse as cores, as texturas e os sombreamentos que mellor representan os acabamentos que se vaian executar na obra.
(MP0563_23) CA1.6 Realizáronse os cálculos básicos de superficies e volumes que permitan o dimensionamento correcto dos elementos do plano.
(MP0563_13) CA1.6 Realizáronse os cortes e as seccións que cumpran.
(MP0563_33) CA1.6 Utilizáronse as técnicas e as aplicacións informáticas axeitadas.
(MP0563_23) CA1.7 Debuxáronse planos de planta, alzado, cortes, seccións e detalles de proxectos de construción, de acordo cos esbozos subministrados e consonte a normativa específica.
(MP0563_13) CA1.7 Comprobase a coherencia entre as vistas e/ou entre as representacións dun mesmo elemento de construción.
(MP0563_33) CA1.7 Obtivéronse as vistas e as perspectivas máis representativas do proxecto de construción.
(MP0563_23) CA1.8 Comprobase a adecuada correspondencia entre todas as vistas, as seccións e os cortes do proxecto.
(MP0563_13) CA1.8 Cotáronse os elementos representados con claridade e de acordo coas normas.
(MP0563_33) CA1.8 Utilizáronse as técnicas de fotocomposición para presentar unha imaxe representativa e atraente do proxecto.
(MP0563_23) CA1.9 Cotáronse os elementos representados de xeito claro e de acordo coas normas.
(MP0563_13) CA1.9 Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.
(MP0563_33) CA1.9 Elaboráronse paneis ou presentacións informáticas baseados na montaxe da información gráfica e textual do proxecto.
(MP0563_23) CA1.10 Incorporáronse as lendas e utilizouse a simboloxía axeitada.
(MP0563_13) CA1.10 Seleccionouse o tipo e o grosor de liña segundo a norma, a escala, o tamaño e a importancia relativa do representado.
(MP0563_33) CA1.10 Traballouse con precisión, con calidade e no tempo previsto.
(MP0563_23) CA1.11 Debuxouse con precisión, con calidade e no tempo previsto.
(MP0563_13) CA1.11 Traballouse con orde e limpeza.
(MP0563_23) CA2.1 Identificouse o sistema de reprodución e arquivo para cada situación.

Criterios de avaliación do currículo

(MP0563_33) CA2.1 Identifícanse os tipos de modelos e maquetas.

(MP0563_23) CA2.2 Identifícase o sistema de codificación da documentación.

(MP0563_33) CA2.2 Selecciónouse o tipo de maqueta que mellor represente as calidades do proxecto.

(MP0563_23) CA2.3 Selecciónouse e utilizouse o medio de reprodución adecuado ás necesidades de distribución.

(MP0563_13) CA2.3 Identifícanse os elementos representados en relación coas súas características construtivas.

(MP0563_33) CA2.3 Fíxose unha análise previa do proceso de construción da maqueta.

(MP0563_23) CA2.4 Comprobase a nitidez e a lexibilidade das copias realizadas.

(MP0563_13) CA2.4 Selecciónáronse as vistas necesarias e os cortes suficientes para a identificación dos elementos representados.

(MP0563_33) CA2.4 Selecciónouse a información básica (os planos de planta, alzados, seccións e perfís) para a definición da maqueta.

(MP0563_23) CA2.5 Cortáronse e dobráronse correctamente os planos, co tamaño requirido.

(MP0563_33) CA2.5 Obtivéronse as superficies e os volumes necesarios para a construción da maqueta en función da información básica.

(MP0563_23) CA2.6 Organizouse e arquivouse a documentación gráfica no soporte solicitado.

(MP0563_13) CA2.6 Utilizouse a simboloxía normalizada.

(MP0563_33) CA2.6 Selecciónáronse os materiais de acordo cos acabamentos que se pretendan.

(MP0563_23) CA2.7 Localizouse a documentación arquivada no tempo requirido.

(MP0563_33) CA2.7 Comprobase que os utensilios cumpran as condicións de uso.

(MP0563_33) CA2.8 Utilizáronse os utensilios axeitados.

(MP0563_13) CA2.8 Cotáronse os elementos representados con claridade e de acordo coas normas.

(MP0563_33) CA2.9 Defínese a escala da maqueta en relación coa súa función.

(MP0563_13) CA2.9 Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.

(MP0563_33) CA2.10 Obtívose un resultado coherente coas formas e os volumes especificados na información básica.

(MP0563_33) CA2.11 Respectouse o prazo indicado.

(MP0563_13) CA2.11 Traballouse con pulcritude e limpeza.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva no módulo fundaméntanse nos resultados de aprendizaxe do currículo para este módulo que os alumnos deben acadar . Na valoración dos exames teranse en conta os criterios de avaliación específicos correspondentes do currículo do CSPE. Lémbrese que os criterios de avaliación que o docente considera implican que o alumnado deberá superalos (nota igual a 5 sobre 10 ou maior) na proba correspondente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As dúas probas serán cualificadas conforme aos criterios de avaliación do currículo do CSPE que o profesor considera mínimos exigibles na programación do curso, dos que haberá unha mostra suficientemente significativa.

O sistema de cualificación de ambas probas, será numérica, mediante puntos de cero a dez.

Para a superación do módulo o alumno deberá ter unha cualificación igual ou superior a cinco en cada unha das probas. A primeira parte da proba é eliminatória, se non se supera (nota de 5 sobre 10 ou maior) non se poderá facer a segunda parte da proba.

A nota do módulo será a media das dúas probas.

Aplicaranse os criterios descritos na ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as presentes probas.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Nesta primeira proba, o participante deberá desenvolver uns exercicios de carácter teórico, adecuados a unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación que establece o currículo do CSPE para o módulo.

Debido ás características do módulo, os exercicios responderanse maioritariamente debuxando a regra ou con esbozos, polo que para esta primeira proba será necesario que o examinado dispoña de todo tipo de material de debuxo (regla, escalímetro, escadra, cartabón, compás, transportador de ángulos, plantilla de curvas, plantilla de círculos, paralex, lápices de distinta dureza, etc) e de cálculo (calculadora non programable). O papel o facilitará o profesor.

A duración da proba será de dúas horas.

4.b) Segunda parte da proba

Na segunda proba, o examinado deberá desenvolver exercicios exclusivamente prácticos, adecuados a unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación que establece o currículo do CSPE para o módulo.

Para a realización da proba, será necesario que o examinado dispoña de todo tipo de material de debuxo (regla, escalímetro, escadra, cartabón, compás, transportador de ángulos, plantilla de curvas, plantilla de círculos, paralex, lapis de distinta dureza, etc) e de cálculo (calculadora non programable).

Asemade, o centro porá a disposición dos examinados, os equipos informáticos necesarios co seu correspondente software.

A duración da proba será de catro horas.